



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AS SOMOZAS E ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A CAÑOTA

REUNIDOS:

Dunha parte, o Alcalde-presidente do Concello das Somozas, Juan Alonso Tembrás, asistido pola Secretaria-interventora, Paula Diaz Tie , que actúa como fedataria da formalización do presente convenio, no exercicio da función de fe pública, de conformidade co que dispón o artigo 2.i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Doutra parte Beatriz Martínez López, DNI: **664****en representación da Asociación de veciños A Cañota , inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 6 , na súa condición de presidenta da mesma.

MANIFESTAN:

Primeiro.- Que o Concello das Somozas considera ten a vontade de colaborar coa Asociación de veciños A Cañota.

O plan estratéxico de subvencións municipal publicado no BOP 3/01/2024 , aparece recollida na liña 1 subvención en materia de fomento do movemento asociativo do Concello.

Segundo. - Que a Asociación de veciños da Cañota ten previsto a realización de actividades según o programa presentado de actuacións na solicitude , centrándose na realización de actividades extraescolares, excursións culturais, obradoiros e festas de eventos especiais.

Terceiro.- Que no seu artigo 25, a Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, atribúeselle aos concellos , entre outras, a competencia para promoción da cultura e na realización de actividades culturais (artigo 25.2.ñ).

Para a consecución destes obxectivos, o Concello das Somozas busca liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñan entre as súas funcións estes mesmos fins, e desenvolverá os programas necesarios para a execución da política municipal neste ámbito.

En virtude do exposto, as partes que interveñen acordan formalizar o presente Convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes:

CLAÚSULAS:

I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de As Somozas e a Asociación veciños A Cañota (en adiante entidade beneficiaria), para o financiamento de actividades culturais , así como a promoción de actividades para a ocupación do tempo libre e concialiación dos habitantes deste termino municipal.



A Asociación de veciños A Cañota actividades según o programa presentado de actuacións na solicitude , centrándose na realización de gastos de excursións e gastos propios de xestión e limpeza do local

O obxecto do presente convenio é colaborar co financiamento dos gastos correspondentes a fomentar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral, das asociacións existentes en As Somozas , con fins de carácter social , cultural ,recreativo , deportivo e medioambiental en cumprimento do disposto no artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro , polo que se aproba o Regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

II.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento deste convenio e dous seus fins poderá crearse unha Comisión Mixta de Seguimento, de carácter paritario, na que estarán representados, por parte do Concello das Somozas o Alcalde e o primeiro tenente de alcalde, e por parte da entidade beneficiaria, o tesoureiro e o secretario, representantes da xunta directiva da entidade.

As funcións desta comisión concretaranse en:

- Facer un seguimento do cumprimento dos compromisos contemplados nas cláusulas deste convenio.
- Revisar os acordos actuais e dar o visto e prace ás addendas que puidesen sumarse a este acordo.
- Representar os intereses do Concello das Somozas e da entidade beneficiaria relativos ao contido deste convenio ante as institucións públicas ou privadas coas que sexa preciso relacionarse para a consecución dos obxectivos.
- Formular cantas propostas sexan necesarias para enriquecer e mellorar o obxecto deste convenio.

III.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- O Concello de As Somozas comprométese a :

a) Realizar unha achega económica por importe máximo de 3.000,00 € (tres mil euros), destinada ó financiamento dos gastos correspondentes para fomentar actividades abertas ao público xeral, con fins de carácter social, cultural, recreativo , deportivo e medioambiental

2.- A entidade beneficiaria, pola súa banda, adquire os seguintes compromisos:

a) Desenvolver as actividades expostas na solicitude ao longo do exercicio 2026 e.empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida,

b) Dar publicidade o financiamento deste concello

c) Empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva en tódalas fases e soportes que produza. •

d)Tratar as imaxes con valores de igualdade, equilibradas, diversas, con pluralidade de roles e identidades de xénero e non estereotipadas.

e) Respetar nos seus fins, obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento e organización, o principio de igualdade de xénero e a diversidade.

f) No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De ac



coa Lei 26/2015, do 28 de xullo de modificación del sistema de protección a la infancia y adolescencia, que modifica a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial o Código Civil e da Lei de axuizamento civil) . E no artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño e protección integral á infancia e a a adolescencia fronte a violencia

IV.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1.O Concello das Somozas contribuirá ao financiamento da actividade realizada pola entidade beneficiaria cunha achega máxima de 3.000,00 euros. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total da achega concedida, o Concello só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2.- A subvención do Concello das Somozas é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado adicado o desenvolvemento da actividade subvencionada .

V.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considerase gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade mencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen no prazo establecido neste convenio. ,

. Considéranse gastos subvencionables para a realización de actividades:

a) Compra de trofeos e premios b) Compra de material non inventariable ou funxible (importe unitario inferior a 200 euros). c)) Gastos de alugueiro de locais. d) Gastos derivados das actividades realizadas (materiais, taxas, .honorarios de monitores etc..) e) Nóminas do persoal e seguridade social, cos requisitos legais. f) Gastos de mantemento e funcionamento da entidade solicitante (teléfono e internet, enerxía eléctrica, auga e saneamento, material de oficina, administración e outros directamente relacionados coa súa actividade). g) Carteis, impresos, pancartas, publicidade en medios de comunicación para a divulgación das actividades da entidade ou asociación. h) Seguros (de responsabilidade civil, do local, etcétera).

En ningún caso serán subvencionables: a) Intereses debedores de contas bancarias. b) Sancións administrativas e penais, así como intereses e recargas que se poidan derivar dos mesmos. c) Gastos de procedementos xudiciais. d) Gastos derivados de celebracións gastronómicas particulares das entidades ou asociacións (almozos, comidas, ceas, etcétera). e) Gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde. f) Gastos que contradigan o disposto no artigo 68 do RD 887/2006 e no artigo 29.7- d da Lei xeral de subvencións

VI .XUSITIFCACION DA SUBVENCION

Para a xustificación da subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar a conta xustificativa da subvención coa presentación da seguinte documentación :

1.- Declaración responsable segundo o modelo que figura como anexo a este convenio .

2.-Unha memoria de actuacións,, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos onde se indiquen numero de persoas que participaron nas actividades, datas da realización, e unha pequena avaliación da actividade realizada cos fondos municipais .

3.- Copia das facturas que se presenten como xustificantes, deberán corresponder con gastos directamente relacionados coas actividades subvencionadas e deberán vir acompañadas do correspondente xustificante bancario de pagamento. Non se admiten xustificantes de pago en metálico



. 4.- Xustificante gráfico da publicidade realizada da colaboración económica do Concello de As Somozas para a realización das actividades .Admítense a publicidade coa carteis, difusión por redes sociais e demais documentación promocional e material utilizado no desenvolvemento da actividade subvencionada que se realice coa colaboración deste concello.

5.-Declaración de estar ó corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social conforme o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O concello de As Somozas comprobará de oficio que a entidade beneficiaria non é deudora da facenda municipal.

No suposto de que non se presente a xustificación polo importe esixido procederase á minoración proporcional da subvención concedida, esixindo a Asociación de Pais e Nais CEIP O Marbán o reintegro da cantidade correspondente, no seu caso.

A presentación da xustificación deste convenio fóra de prazo, logo de recibir o correspondente requirimento, suporá a imposición das seguintes sancións:

- Presentación da documentación xustificativa no prazo de 15 días posteriores ao requirimento do Concello, tras a finalización do prazo establecido na convocatoria: redución do 15 % da cantidade recollida neste convenio.

- A non presentación da documentación xustificativa no prazo indicado no parágrafo anterior dará lugar á perda total do importe recollido neste convenio, coa conseguinte obriga de devolución das cantidades percibidas como anticipo, se é o caso.

VII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO LOCAL E COMPROMISO DO USO DA LINGUAXE NON SEXITA E DA LINGUA GALEGA

1. Na publicidade na que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónico, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de As Somozas

2. . Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da entidade beneficiaria .

VIII.- PAGAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL

O pagamento da achega indicada na cláusula anterior será aprobado pola Alcaldía, de acordo co seguinte detalle:

- A metade do importe da axuda (1500,00 €) aboarase tras a sinatura do presente convenio.
- O importe restante (1500,00) farase efectivo unha vez xustificado o primeiro pagamento e xustificado a cantidade total concedida .

IX.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.1 As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026. Para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que sexan expedidos ata o **15 de xaneiro de 2027, sendo esta data improrrogable como data final de xustificación** .

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido a xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subven



3. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. Sen perxuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

XIII.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións , e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporadas á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro.



XV.- VIXENCIA DO CONVENIO E MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2026 A efectos de xustificación, o período do gasto comprende a totalidade do exercicio 2026.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XVI.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións , e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Alcalde do Concello, previos os informes técnicos oportunos.

3. Corresponderalle aos órganos de xurisdición contencioso- administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

ANEXO:

CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL PARA 2026

ENTIDADE SOLICITANTE: _____

REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS Nº _____

Don/Dona _____, con documento de identidade nº _____ como representante da entidade _____, na súa condición de presidente/a da mesma,

DECLARO:

A) Que se lle concedeu unha subvención nominativa, mediante convenio asinado con data do _____, para as actividades e/ou investimentos recollidos na solicitude oportunamente presentada, e que durante o período indicado nese convenio, realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

Número	Proveedor	CIF	Nº de factura	Concepto	Importe
				TOTAL	

B) Que se xunta relación de facturas polo importe da subvención concedida, xunto coas xustificantes bancarios da efectiva realización dos pagamentos correspondentes

C) Que os gastos que arriba se detallan son reais, foron aplicados ás finalidades para as que se concedeu a subvención e foron reflectidos nos libros contables da entidade.

D) Que á entidade á que represento lle foron concedidas, para as mesmas finalidades seguintes axudas ou subvencións:



Entidade concedente

Obxecto da axuda ou subvención

Importe €

E) Que o importe total das axudas ou subvencións recibidas en 2026 non superou o importe total dos gastos devengados.

E) Como responsable da Asociación declaro que: (Marque unha das dúas opcións)

☐	A entidade obtivo as subvencións ou recursos (art. 30.4 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións) que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello das Somozas
☐	A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello das Somoza

TÁBOA DE INGRESOS (Indicar a procedencia e o importe de xeito individualizado)

PROCEDENCIA (Entidade concedente pública ou privada, persoas participantes , vendas, publicidade, patrocinios etc...)	IMPORTE
	€
	€
TOTAL	€

F) Que se fixo a debida divulgación do financiamento por parte do Concello de As Somozas das actividades e investimentos subvencionados. Xúntase a efectos xustificativos un exemplar de toda a documentación impresa xerada polas actividades ou investimentos subvencionados.

G) Que a entidade á que represento está ó corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co Concello de As Somozas. Autorízase en calquera caso ó Concello de As Somozas a obter as certificacións necesarias desas Administracións Públicas.

Nos casos en que o cadro da conta xustificativa non sexa suficiente para confeccionala, deberase cubrir o documento anexo.

As Somozas, na data da sinatura electrónica.

(Sinatura electrónica da persoa representante)

E en proba de conformidade asinamos o presente convenio, na data da sinatura electrónica.
A representante da Asociación de veciños A Cañota.. Beatriz Martínez López.
Concello das Somozas .Juan Alonso Tembrás
A Secretaria. Paula Díaz Tie

